



Segundo exame: Parte específica

Instrucións en galego

- O exame ten 30 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar as preguntas de reserva.
- Tes **2 horas** para facer o exame.
- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Só 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 3 puntos.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.
- Cando termines o exame tes 2 opcións:
 - Opción número 1:
Se tes que facer o exame de galego,
espera as instrucións do persoal da organización.
 - Opción número 2:
Se non tes que facer o exame de galego,
entrega o cuestionario e a folla de respostas.
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas
ao persoal da organización.
A persoa da organización entregaráche
a copia da folla de respostas de cor azul.
- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. Que cama se usa sobre todo en pacientes que sofren fracturas, parálises ou politraumatismos?

- A) Cama electrocircular.
- B) Cama RotoRest.
- C) Cama incubadora.
- D) Cama ortopédica, traumatolóxica ou de Judet.

2. Que é a imaxe corporativa?

- A) O tratamento co que nos referimos as diferentes persoas.
- B) A vestimenta segundo a situación.
- C) A imaxe que a organización quere dar.
- D) Un conxunto de valores e normas.

3. Como se chama cada unha das partes das que está composto un centro de atención sanitaria?

- A) Áreas de traballo.
- B) Centros de traballo.
- C) Servizos e unidades hospitalarias.
- D) Postos de traballo.

4. Para baixar unha rampla cunha cadeira de rodas, en que posición se coloca o celador?

- A) Camiñará de fronte agarrando a cadeira de rodas polos mangos.
- B) Non baixará a rampla en ningún caso cunha cadeira de rodas.
- C) Camiñará de costas mirando cara adiante para ver se o paciente está seguro.
- D) Camiñará de costas mirando cara atrás para evitar caídas e obstáculos.

5. Dentro da atención ao enfermo e aos familiares, cal NON é función do celador?

- A) Informar aos pacientes e familiares dos horarios de visitas.
- B) Informar aos pacientes e familiares sobre o seu estado de saúde.
- C) Informar dos horarios dos distintos servizos.
- D) Axudar á localización dos servizos do hospital.

6. É unha función do celador de urxencias:

- A) Avisar ao servizo de ambulancias para o traslado do paciente.
- B) Colaborar na contención dun paciente mentres se lle practica un lavado gástrico.
- C) Obter a información necesaria dos familiares do paciente para poder abrialle a historia clínica.
- D) Realizar a clasificación de pacientes na zona de triaxe.

7. Se temos que levantar a un paciente deitado nunha cama con que pé empuxaremos ao iniciar a manobra?

- A) Co pé dianteiro.
- B) Co pé traseiro.
- C) A posición do pé non ten importancia.
- D) O enunciado é incorrecto, non se empuxará co pé, utilízásenso só as mans.

8. Encárganos o traslado dun paciente ao servizo de raios cun soro conectado e comprobamos que a cadeira non dispón de soporte para o soro. Cal sería a nosa forma de actuar correctamente?

- A) Pechariamos o soro e colocariámolo nos xeonllos do paciente.
- B) Diríámoslle á enfermeira que o retirase ata o seu retorno á planta.
- C) Buscariamos un soporte para que o soro permanecese elevado durante o traslado.
- D) Poderíamos levalo nun lateral da cadeira cun soporte adaptado ao soro sen necesidade de elevalo.

9. Con respecto ao amortallamento dun paciente falecido, sinala a resposta correcta:

- A) Nunca participa, é función da enfermeira.
- B) O celador amortallará coa axuda do persoal de enfermaría e o traslado realizarao el mesmo.
- C) O celador axudará á enfermeira e o seu traslado ao mortuorio farano os servizos funerarios que contrate a familia.
- D) O celador axudará ao persoal de enfermaría a amortallar e será o encargado do traslado ao mortuorio.

10. Que tipo de aparello portátil permite a realización de radiografías a pacientes que non poden desprazarse ao servizo de radioloxía?

- A) O electrocardiógrafo.
- B) O ventilador mecánico.
- C) O equipo de radioloxía portátil.
- D) O ecógrafo portátil.

11. Cando falamos de mecánica corporal, por cantos elementos está formada?

- A) Por 3 elementos, a postura, o equilibrio e o movemento coordinado do corpo.
- B) Son 2 elementos, a postura e o equilibrio.
- C) Son 3 elementos, a postura, o equilibrio e a zona de traballo.
- D) A pregunta é falsa, a mecánica corporal non dispón de elementos diferenciados.

12. Cal é a unidade máis pequena de almacenamento de memoria coa que pode traballar un ordenador?

- A) O Byte.
- B) O bit.
- C) O Xigabyte.
- D) Ningunha das anteriores.

13. Na posición de Trendelemburg o paciente atópase...

- A) Coa cabeza mais elevada que o tronco e decúbiteo supino.
- B) Coa cabeza mais baixa que os pés e en decúbiteo prono.
- C) Cos pés e a cabeza á mesma altura en decúbiteo lateral pero sen flexionar os codos.
- D) Coa cabeza mais baixa que os pés e en decúbiteo supino.

14. Cal das seguintes funcións corresponde ao celador no servizo de urxencias?

- A) Vixiar a entrada para que non pasen persoas non autorizadas.
- B) Transportar aos pacientes en cadeira de rodas ou padiolas.
- C) O celador debe levar as mostras dos pacientes aos laboratorios correspondentes.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

15. Cal das seguintes é unha zona da unidade de urxencias?

- A) Admisión de urxencias.
- B) Sala de observación.
- C) Sala de triaxe.
- D) Todas o son.

16. Que arnés é o máis adecuado para pacientes que non teñen estabilidade na cabeza nin no torso?

- A) Arnés con banda para o tórax.
- B) Arnés asento–respaldo.
- C) Arnés apoio–cabeza.
- D) Arnés dorso–lumbar.

17. Cal das seguintes funcións, en relación á vixilancia, é función do celador?

- A) O celador vixía de noite o exterior e interior da institución.
- B) O celador vixía o funcionamento das incubadoras.
- C) O celador non ten funcións de vixilancia.
- D) O celador permitirá a entrada no hospital de persoas que leven comida ou bebida.

18. Hai que asear a una paciente de urxencia e a supervisora da planta indícanos amablemente que o fagamos antes do almorzo. Como actuaríamos os celadores?

- A) Negariámonos xa que non é unha función nosa nin esta recollida no estatuto.
- B) Por ser unha situación de urxencia realizaríamos o aseo.
- C) O asearíamos pero unicamente con axuda do Técnico en cuidados auxiliares de enfermería.
- D) Nese caso o asearíamos pero supervisados por enfermería.

19. Cal é función do celador nunha unidade de psiquiatría?

- A) Repartir a medicación aos pacientes.
- B) Trasladar a pacientes a consultas, sempre que o indique o responsable da unidade.
- C) Reparar as portas da unidade de psiquiatría.
- D) Revisar os extintores da unidade.

20. Cal das seguintes é función do celador?

- A) Axudar ao persoal de enfermaría ao traslado dos pacientes encamados para facer as súas camas.
- B) Dar de comer ao paciente.
- C) Preparar o celador só aos pacientes falecidos.
- D) Tomar a temperatura ao paciente.

21. Con respecto á distribución, entrega de paquetes e documentación, cal é a resposta correcta?

- A) Esa non é unha función do celador.
- B) Só é función do celador entregar paquetes pequenos.
- C) O celador transporta documentos pero non paquetes.
- D) O celador ten que gardar a confidencialidade e seguridade dos documentos e paquetes.

22. Que requisitos esixirá a sala de operacións dun quirófano?

- A) Moi limpo con todo desinfectado.
- B) As portas poden permanecer pechadas pero poderán abrirse máximo 2 minutos.
- C) Non será necesario vestirse coa roupa adecuada.
- D) Nesta sala todo estará esterilizado.

23. Un enfermeiro pídenos que busquemos a un paciente ingresado nun hospital. El atópase na sala de usos múltiples á espera dunha proba. Poderías indicar para que se utiliza esta sala?

- A) Para entreter aos pacientes.
- B) É unha sala de espera para pacientes pendentes de probas.
- C) É basicamente un office o cal en ocasións utilízase como salga de espera.
- D) O enunciado é falso xa que as salas de usos múltiples só se atopan en consultas e non en hospitais.

24. Sinale cal das seguintes afirmacións é a correcta.

- A) A reprografía é o conxunto de técnicas e medios empregados para reproducir un documento.
- B) As copias fanse só en papel.
- C) As fotocopiadoras mais actuais NON escanean documentos.
- D) Fotocopiar documentos é función do persoal administrativo exclusivamente.

25. Nunha sala de reprografía deben terse en conta algunhas normas de seguridade, saúde laboral e protección ambiental. Cal das seguintes é unha delas?

- A) Ter as máquinas conectadas 24 horas.
- B) Ter pechadas portas e xanelas permanentemente na sala para aforrar enerxía.
- C) Ler o manual de utilización das máquinas de reprografía.
- D) Cambiar o tóner sen utilizar luvas.

26. Temos a un paciente moi delgado deitado nunha padiola e debemos levantalo para unha exploración médica. Cal é a acción correcta?

- A) Se é posible farase con 2 ou máis persoas.
- B) O celador explicará amablemente ao paciente que imos mobilizalo.
- C) Achegaremos o noso corpo ao do paciente para facilitar a mobilidade.
- D) Todas as respostas son correctas.

27. Cal dos seguintes é un documento interno?

- A) Un paquete.
- B) A notificación do xulgado a un traballador.
- C) A acta dunha reunión co xefe de celadores.
- D) Unha invitación da Consellería de Traballo a un acto.

28. A persoa encargada de certificar o falecemento dun paciente é:

- A) A enfermeira.
- B) A Supervisora de garda.
- C) O sacerdote.
- D) A médica.

29. Cal é unha función do celador de farmacia:

- A) Dispensación de medicación a pacientes.
- B) Distribuír os medicamentos polas unidades do hospital.
- C) Manter ordenado o material de limpeza.
- D) Realizar a compra de fármacos.

30. A posición de Sims ten outra denominación. Cal é a correcta?

- A) Semiprono.
- B) Fowler.
- C) Cirúrxica.
- D) Non é certo que a posición de Sims teña outra denominación.

Preguntas de reserva

1. Que fai un escáner?

- A) Facilita a impresión de documentos en branco e negro.
- B) Permite dixitalizar imaxes ou documentos en papel para arquivalos no ordenador.
- C) Permite transmitir a distancia copias de documentos por medio da liña telefónica.
- D) Serve para medir a temperatura das distintas zonas do hospital.

2. Como poden ser as posicións dun paciente nunha cama, padiola etc.?

- A) As posicións son básicas e complexas.
- B) Hai posicións básicas, cirúrxicas e complexas.
- C) As posicións son básicas e cirúrxicas.
- D) Todas son correctas.

